



**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA
DO 08 DE FEBREIRO DE 2022**

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00006623D

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. APROBACIÓN DO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA PARA A SELECCIÓN DUNHA ENTIDADE COLABORADORA PARA A ENTREGA E DISTRIBUCIÓN DOS FONDOS DAS AXUDAS DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN E INCENTIVACIÓN DO CONSUMO NO COMERCIO E HOSTALERÍA “BONOS CORAZON CONCHEIROS” E APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN A ASINAR ENTRE O CONCELLO E A ENTIDADE COLABORADORA SELECCIONADA.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar a convocatoria do procedemento de concorrncia para a selección da entidade colaboradora para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da rúa dos Concheiros, a través dos bonos Corazón Concheiros.

Segundo.- Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Santiago e a entidade colaboradora seleccionada para a entrega e distribución das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería da contorna da rúa dos Concheiros, a través dos bonos Corazón Concheiros.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 13.572,87 euros en concepto de compensación económica á entidade colaboradora seleccionada que se sufragará con cargo á aplicación 010 43100 2269900.